


# RACHANDO CO GUIÓN

XOGAR PARA CAMBIAR

EN IGUALDADE



“Rachando co Guión” é unha proposta de **intervención escolar e social** que emprega o xogo dramático e o teatro de monicreques para traballar co alumnado arredor da **igualdade de xénero**, promovendo a **corresponsabilidade** social dos coidados e usos do tempo con perspectiva de xénero e acorde aos dereitos da infancia.



MÁXIMO DE PÚBLICO: 70 rapazas e rapaces

IDADE RECOMENDADA: Alumnado de 3º a 6º de primaria

ESPAZO IDEAL: 1ª opción: Salón de actos con escenario /

2ª opción: Aula ou biblioteca ampla (con cadeiras) /

3ª opción: Ximnasio (con cadeiras para todo o alumnado)

DURACIÓN DA ACTIVIDADE: 45 minutos

(+ 15 minutos previos coas voluntarias e voluntarios)

Nº VOLUTARIAS/OS: 10 (de entre os cursos participantes)

Os principais **obxectivos** de “Rachando co guión” son os seguintes:

- **Concienciar sobre a desigualdade** de xénero e os seus efectos no contorno escolar.
- Promover a **corresponsabilidade** con perspectiva de xénero.
- **Involucrar aos homes** de cara a masculinidades corresponsables e igualitarias.
- Fomentar a **reflexión crítica** e o cuestionamento sobre as desigualdades.
- **Promover a empatía, o respecto** e a valoración das diferenzas de xénero.
- Desenvolver **habilidades sociais e emocionais** a través do xogo dramático.

Neste encontro singular, a guía da intervención, coa colaboración do **alumnado voluntario como actores e actrices**, escenificará escenas construídas especialmente para representar as diversas manifestacións de desigualdade de xénero. Trala presentación destas escenas, **a audiencia convértese en parte activa do proceso**, aportando solucións aos comportamentos observados, encarnando e mostrando tamén as novas solucións propostas como parte da actuación.

O uso de **monicreques** por parte do alumnado facilita a **identificación e a empatía**, permitíndolles analizar conflitos e buscar solucións creativas sen exposición directa.